

A cooperativa e WWF colaboran dende o 2004

EROSKI SÚMASE UN ANO MÁIS Á CAMPAÑA “A HORA DO PLANETA” PROMOVIDA POR WWF

- **O vindeiro sábado EROSKI sumarase ao apagamento simbólico da maior iniciativa global en defensa do medio natural, que este ano ten por lema “Dálle unha hora ao planeta”**
- **EROSKI e WWF colaboran dende hai anos para promover políticas ambientais en relación coa sustentabilidade dos caladoiros de pesca, a mellora da eficiencia enerxética e a promoción dun consumo máis responsable**

Elorrio, 22 de marzo do 2024.- [EROSKI](#) súmase por décimo terceiro ano consecutivo á campaña [“A Hora do Planeta”](#) promovida por [WWF](#) co respaldo de Nacións Unidas, realizando un apagamento simbólico da súa páxina web [www.consumer.es](#), que seguirá activa cunha luz atenuada de menor intensidade, coa difusión da iniciativa que realizará na súa páxina web e redes sociais, e mais cun apagamento nos rótulos dalgúns dos seus establecementos. Millóns de persoas de todo o mundo apagarán a luz durante unha hora (entre as 20:30 e as 21:30 hora local) mañá sábado, 23 de marzo, para concienciar o mundo sobre a importancia do medio natural e a loita contra o cambio climático.

O lema deste ano é “Dálle unha hora ao planeta” e trátase dunha carreira polo planeta para loitar contra o cambio climático e a destrución da natureza. É unha acción anual que une a cidadáns, empresas, concellos, institucións e todo tipo de organizacións na loita contra o cambio climático e a perda da biodiversidade.

“Un ano máis EROSKI únese a esta iniciativa de WWF, que se converteu na maior acción global de sensibilización en defensa do medio natural coñecida ata o momento e nun símbolo para chamar a atención sobre o problema do cambio climático. Os consumidores son cada vez máis esixentes cos criterios de sustentabilidade e en EROSKI traballamos para lles dar resposta a esas demandas

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

a *prol dun consumo máis responsable*", sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Compromiso coa loita contra o cambio climático

A deterioración do clima, a perda de hábitats e o declive silvestre son as consecuencias provocadas pola crise climática, que, ademais, se produce nun contexto de elevados prezos da enerxía. O 2023 foi o ano máis cálido da historia dende que se teñen rexistros. Este aumento da temperatura global traducíuse en fenómenos meteorolóxicos extremos como inundacións, vagas de calor e incendios devastadores, cada vez máis frecuentes.

Por iso, EROSKI redobrou os seus esforzos en materia de sustentabilidade e un dos fitos máis importantes é o seu ambicioso compromiso de alcanzar as cero emisións netas de gases de efecto invernadoiro no 2050. Este reto enmárcase na súa adhesión ao *Código de Conduta sobre negocio responsable de alimentos e prácticas de mercadotecnia* da Unión Europea.

EROSKI logrou dúas estrelas Lean & Green por alcanzar o obxectivo de reducir un 30% as súas emisións de CO₂ nos procesos de loxística e transporte durante os últimos catro anos. EROSKI reduciu máis dun 40% as emisións de gases de efecto invernadoiro de alcance 1 e 2 dende o 2017, sumou novos produtos ecolóxicos á súa gama, que xa fan máis de 1.400 referencias, incorporou o selo de benestar animal a todas as súas carnes brancas e continuou a reducir o plástico e a mellorar a reciclabilidade dos seus envases, con máis de 180 referencias ecodeseñadas.

Hai dous anos, EROSKI converteuse na primeira empresa de distribución en España en introducir a nova etiquetaxe ambiental [Planet Score](#) e o ano pasado as súas tendas ampliaron a unha trintena os produtos de alimentación e frescos sinalizados con este selo.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Ademais, o ano pasado EROSKI obtivo a certificación Leed Gold pola súa tenda sostible de Lakua-Arriaga de Vitoria-Gasteiz, un selo que acredita que o edificio é sostible e que se construíu baixo os estándares de ecoeficiencia. Trátase do supermercado máis sostible de toda a súa rede comercial e marca un novo modelo enerxético para as súas tendas.

Máis de 15 anos de colaboración

EROSKI e WWF colaboran dende hai máis de 15 anos en distintas iniciativas para o desenvolvemento de distintas políticas ambientais no tocante á explotación sostible de caladoiros, a mellora na eficiencia enerxética, a promoción dun consumo máis responsable, a promoción de pesca sostible ou o lanzamento de produtos de marca propia EROSKI con boas prácticas sostibles. Ademais, WWF colabora coa revista www.consumer.es publicando contidos na súa canle de medio natural e avala o programa da cooperativa sobre alimentación saudable [Ekilibria](#).

Por outra banda, WWF segue a desenvolver contidos pedagóxicos para un módulo específico sobre sustentabilidade dentro do Programa Educativo sobre Alimentación e Hábitos Saudables que desenvolve a [Escola de Alimentación EROSKI](#) en colaboración con centros escolares de toda España.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)